

## **“Cuestión nacional”**

Aínda que a construción do Estado-nación é un proceso propio do século XIX, cómpre mirar aos séculos pasados para entender o que pasa ao longo da Historia Contemporánea. Fronte ás historiografías que falan de España dende Atapuerca, podemos observar multitude de pobos diferenciados asentados na península Ibérica. Ao longo da Idade Media fóronse fraguando dúas coroas, Aragón e Castela, con culturas e tradicións políticas diferentes.

A unidade dos Reis Católicos foi unha unión dinástica. A diversidade mantívose tamén cos Austrias, producíndose conflitos como o da Unión de Armas (1640), cando a monarquía intentou asegurar o seu poder sobre os territorios ibéricos.

Os Decretos de Nova Planta marcaron a tendencia da dinastía borbónica a unificar as formas políticas sobre o modelo de Castela, respectando o foralismo das provincias vascas.

Xa no século XIX, o liberalismo —e o nacionalismo— español que foi hexemónico baseouse nun modelo de estado unitario e centralista, co conseguinte conflito coas tendencias federalizantes (proxecto de Constitución federal da I República). Aínda que con raíces en épocas anteriores, foi dende mediados do século XIX cando xurdiron movementos de reivindicación das identidades catalana, vasca (cuestión foral) e galega, fundamentalmente, que callaron en movementos nacionalistas.

A II República definiuse como un “Estado integral, compatible con la autonomía dos Municipios e das rexións”, abrindo a porta á redacción dos Estatutos de Autonomías, que serán suprimidos e reprimidos pola ditadura franquista.

A Constitución de 1978 reconece a existencia de nacionalidades e rexións e conforma un Estado autonómico.

## **Papel do exército, intervencionismo militar**

A intervención do exército na vida política española é unha constante ao longo do século XIX e boa parte do XX. Para entender este problema, compre coñecer o concepto de "pronunciamento". Os pronunciamentos foron moi frecuentes ao longo do XIX (páxs. 177, 178, 180, 188, 189, 194, 195, 197, 198, 204, 264), empezando polo de Riego (1820) e continuado por todos os que se produciron ao longo do reinado de Sabela II, cando a presenza dos "espadóns" (191) foi determinante. Non esquezamos que o Sexenio empezou cun pronunciamento militar (o de Prim, Topete, Serrano e outros), que a I República rematou coa entrada do exército nas Cortes; pensemos tamén nas relacións de Afonso XIII con exército (275), que tivo un papel clave no golpe de Primo de Rivera (284). Neses anos apareceu a figura dos militares africanistas, formados na Guerra de Marrocos; o seu papel foi clave na conspiración contra a II República. Meses antes da proclamación desta tivo lugar a sublevación de Xaca (292) e ese en agosto de 1932 a II República viviu un golpe de Estado: a Sanjurjada (324). A ditadura de Franco foi, por outra banda, unha ditadura militar e, xa conquistada a democracia, se produciu o golpe de Estado do 23F (423).

## **Constitucións**

Aínda que, ás veces, o Estatuto de Baiona está incluído na relación de constitucións españolas, o primeiro texto que é realmente unha Carta Magna é a Constitución de 1812, auténtico fito do liberalismo español. A partir deste documento, o constitucionalismo español estará marcado por unha sucesión de textos, uns de carácter moderado, outros progresista. Ese vaivén, de substitución dunhas constitucións por outras nun período de tempo relativamente breve, é síntoma da división do liberalismo español e da súa incapacidade para dar estabilidade ao sistema político. Haberá que esperar a 1876 para que o país se dote dunha constitución que, con todos os seus problemas, perdure durante uns cincuenta anos.

Referencias ás constitucións: Resumo: 211-215; Baiona 167; 1812: 175-176; Estatuto Real 188; Constitución de 1837: 190; Constitución de 1845: 193; Constitución de 1856: 196; Constitución de 1869: 200; Proxecto constitucional de 1873: 203; Constitución de 1876: 262; Constitución de 1931: 317; Constitución de 1978: 416, 419

## **Catolicismo**

O catolicismo vai da man da monarquía dende a conversión de Recaredo (589). Nesa liña podemos encadrar a expulsión das minorías relixiosas como a xudea (1492) ou a das mouriscos (1609). Houbo momentos de tensión entre o trono e o altar froito do regalismo borbónico. A expulsión dos xesuítas (1767) é un exemplo. O liberalismo español, simbolizado polas súas constitucións, tamén recoñeceu o catolicismo como relixión de Estado, aínda con diferencias no que se refire á liberdade de cultos. No XIX o anticlericalismo manifestouse publicamente. Non podemos esquecer que a cuestión relixiosa foi conflitiva durante a II República, que o franquismo foi lexitimado pola Igrexa (nacionalcatolicismo) e que a Constitución de 1978 cita de forma expresa á institución católica.

Ten en conta o concepto de "concordato".

Referencias: páxs. 167, 169, 174, 175, 183, 186, 189, 190, 191, 193, 194, 198, 262, 278, 318, 319, 347, 359, 368.

## **Cuestión da terra**

A da terra foi unha cuestión conflitiva ao longo de todo o século XIX e parte do XX. Trátase dun problema cunha dobre vertente: a relacionada cos avances técnicos que favorecen unha maior produtividade e a estrutura da propiedade. No que se refire ao primeiro elemento, a penetración das innovacións foi lenta, aínda que con diferencias entre territorios. Podemos situar a orixe da estrutura da propiedade xa no período medieval (con grandes diferencias entre territorios), en relación coa forma na que se produciu o fenómeno da repoboación nos séculos da chamada Reconquista. Os ilustrados do XVIII foron conscentes do problema da terra e fíxeron propostas de desamortización. Pero será o XIX o século da desamortización, en paralelo á creación do Estado liberal. Dende o punto de vista social, a desamortización decimonónica — relacionada cos gobernos progresistas do reinado de Sabela II— non puxo fin ao problema, como sabemos pola conflitividade campesiña que chega ata a II República.

Referencias a esta cuestión: páxs.: 145, 153, 189, 191, 193, 197, 222.